



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, N° 17, Local 6
36209 VIGO
Tlf: (0034) 986 247 519,
Fax: (0034) 986 247 521
E-Mail info@fegaloita.org
www.fegaloita.org



Vigo, 21 de Outubro do 2011.

Estimados compañeiros:

Dende a Federación Galega de Loita e D.A. queremos informaros do vindeiro curso de arbitraje que se vai a celebrar nas instalacións do CGTD de Pontevedra o día 26 de Novembro do 2011. Este curso cumpre dous obxectivos:

- É obrigatorio para os árbitros que queren ascender de categoría a nivel nacional xa que está homologado polo Colexio Nacional de Arbitraje.
- Formación de novos árbitros e xuíces nas disciplinas de Loitas Olímpicas e Grappling.

O curso será impartido por D. Ángel Amor, presidente do Colexio Galego de Árbitros. O custo do curso será de 25,00€ para os árbitros que queiran ascender e de 35,00€ para as persoas que queren formarse como novos árbitros.

A estes últimos entregaráselles, no caso de superar a proba, un diploma acreditativo da realización do curso co que poderá sacar a licenza de árbitro rexional de nivel I.

O horario do curso será de 10 a 13 horas e de 16 a 20 horas. E para participar é necesario levar papel e bolígrafo para as clases teóricas e botas, pantalón curto azul e camisola branca para as clases prácticas.

A inscrición será nesta Federación a través dos distintos soportes; fax, mail ou correo ordinario. A data límite para formalizar a matrícula será até o venres 11 de Novembro.

Sen outro particular recibe unha aperta.

Nicolás Castro.
Director Técnico da FGL e D.A.